



RESOLUCIÓN, DO 22-05- 2020, DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL POLA QUE SE REINICIA A ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL NO CURSO 2019-2020, SE DETERMINAN AS INSTRUCCIÓNS PARA O QUE RESTA DO PRESENTE CURSO E SE ADOPTAN MEDIDAS DE PREVENCIÓN E HIXIENE PARA A REAPERTURA PARCIAL NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DEPENDENTES DA CONSELLERÍA.

A educación é un dereito fundamental de todos os cidadáns, consagrado pola nosa Constitución que no seu artigo 27 que esixe das administracións públicas a súa garantía.

O 11 de marzo de 2020 Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 a categoría de pandemia internacional.

Por Acordo do Consello da Xunta do 12 de marzo de 2020 adoptáronse medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, que foron seguidas da declaración, por Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e de activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.





Mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, situación que foi prorrogada por diferentes períodos por outros Reais decretos.

No que se refire especificamente ao ámbito educativo o apartado 1.c do Acordo do Consello da Xunta mencionado prevé a adopción, entre outras, das seguintes medidas: Suspensión de todo tipo de actividade lectiva regulada en todos os centros de ensino non universitario.

A evolución da pandemia no territorio galego e a diminución do número de contaxios fixo posible o paso a fase I do Plan do Goberno central

Por acordo do CECOP do 5 de maio (D.O.G do 6 de maio de 2020) establecéronse instrucións sobre presenza nos centros educativos para prestar atención aos procesos de admisión e outros procedementos que afectan á comunidade educativa, especialmente ao colectivo de nais e pais.

Por acordo do Consello da Xunta do día 8 de maio de 2020 aprobouse o Protocolo polo que se establece a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19.





O punto 2º do mesmo establece: “As previsións contidas no presente protocolo resultarán de aplicación a todo o persoal empregado público en todos os sectores administrativos e funcionais da Xunta de Galicia, agás no ámbito educativo, sanitario e sociosanitario.”

Por esta razón, o mesmo día esta Consellería adoptou as decisións complementarias precisas para a reincorporación ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19 no ámbito educativo.

A Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas trala declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do “Plan para la transición hacia una nueva normalidad”, establece unha serie de previsións en relación cos centros educativos.

Na Conferencia Sectorial de Educación celebrada o 14 de maio anunciouse un protocolo de protección nos centros educativos.

En base ao referido documento do Ministerio de Sanidade e do Ministerio de educación e Formación Profesional, a Consellería considera oportuno realizar unhas mínimas adaptacións a realidade galega na reanudación do curso escolar en determinados niveis educativos nos centros educativos que atendan as peculiaridades do noso sistema educativo.

Por normativa do Goberno central determínanse as condicións e actividades para aplicación da fase 2 do “Plan para la transición hacia una





nueva normalidad”, establecéndose unha serie de previsións para a reapertura dos centros educativos

As presentes instrucións e protocolo serán de aplicación exclusivamente ao curso escolar 2019-2020.

O retorno a actividade presencial queda supeditada ao cumprimento para o territorio de Galicia dos criterios para o cambio de fases e da norma estatal que habilite para o reinicio da actividade lectiva presencial.

En atención as consideración anteriores dítanse as seguintes instrucións:

PRIMEIRA: Niveis educativos con actividade presencial

Retornase a actividade lectiva presencial, con carácter voluntario para o alumnado de segundo curso de Bacharelato e para os segundos cursos de Formación Profesional de grao Superior e de grao Medio, tanto en réxime ordinario como no caso de educación para adultos.

O primeiro día de reinicio da actividade lectiva presencial será o 25 de maio, o ultimo será o 19 de xuño.

SEGUNDA: Determinacións para o profesorado que retornará ao centro de xeito presencial.

2.1. Profesorado que imparte Bacharelato

2.1.1 No segundo curso de bacharelato o profesorado impartirá as clases de modo presencial no seu horario habitual, sen prexuízo das adaptacións de horarios que sexan necesarias para o mellor cumprimento das medidas de protección.

2.1.2 No caso que o número de alumnado asistente non permita manter as distancias de seguridade e sexa preciso realizar





desdobres, requirirase a presenza do profesorado do departamento ou do centro que determine a dirección do centro educativo.

2.1.3. Cando existan razóns de ausencia de profesorado, derivada da súa condición de vulnerabilidade ou de conciliación, que impidan a docencia presencial, a dirección do centro poderá solicitar a presenza de calquera profesor con destino nese centro para atender as necesidades do alumnado. Unha vez esgotadas as posibilidades de dar cobertura as necesidades de atención con profesorado do propio centro, poderá solicitar a designación dun substituto.

2.2. Ciclos formativos de Formación Profesional

2.2.1 Para os segundos curso de ciclos formativos de grao superior e medio en réxime ordinario realizarase un horario para a atención presencial do alumnado que non accedeu á FCT ou que se acollesen aos supostos do artigo 2.1.d ou 2.1.e en virtude de Resolución do 23 de abril de 2020, dá Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se adoptan medidas excepcionais non desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e nas ensinanzas de réxime especial.

2.2.2 Do mesmo xeito se procederá co alumnado de FP dual que está a cursar o derradeiro curso do ciclo e se atope nos supostos do artigo 2.1.d ou 2.1.e mencionados.

2.2.3. Para o alumnado que realiza módulos en réxime de adultos presencial, a dirección do centro educativo determinará o profesorado que ten que impartir clase de xeito presencial en función do alumnado que acuda aos módulos.

2.2.4. Cando existan razóns de ausencia de profesorado, derivada da súa condición de vulnerabilidade ou de conciliación, que impidan





a docencia presencial, a dirección do centro poderá solicitar a presenza de calquera profesor con destino nese centro para atender as necesidades do alumnado. Unha vez esgotadas as posibilidades de dar cobertura as necesidades de atención con profesorado do propio centro, poderá solicitar a designación dun substituto.

2.3. A actividade presencial da aula poderá ser retransmitida por medios telemáticos para o alumnado que non acode ao centro educativo. Na retransmisión velarase porque non sexa posible a identificación do alumnado presente na aula mediante a axeitada colocación da cámara. A retransmisión realizarase preferentemente en directo coas ferramentas subministradas pola consellería e informarase ao alumnado de que a mesma non pode ser divulgada.

2.4. O persoal do corpo da inspección educativa retornará a actividade presencial de conformidade con previsto no protocolo de prevención.

TERCEIRA: Determinacións para o profesorado de Bacharelato, Formación Profesional que non realiza actividade presencial, e para todo o profesorado de Primaria, Educación Infantil, ESO e ensinanzas de réxime especial.

3.1. O profesorado manterá a docencia telemática para os cursos que non se incorporan de forma presencial. A atención ao alumnado poderase realizar dende o domicilio do profesorado ou dende o centro educativo.

3.2. A dirección do centro poderá requirir o retorno presencial daquel profesorado preciso para atender as necesidades do centro educativo.





3.3. Para as actividades de avaliación, reunións, sinaturas de actas e outras actividades de carácter académico ou administrativo a dirección do centro poderá determinar o regreso do profesorado que sexa preciso.

3.4. Permítese ao profesorado que o desexe o retorno ao centro educativo, ben para a recollida de material ou para a realización de tarefas de carácter administrativo ou académico.

CUARTA: Recollida de material do alumnado que non ten actividade presencial e devolución de libros de texto do curso 2019/2020 e a entrega dos correspondentes ao curso 2020/2021.

4.1. Os centros educativos permitirán a entrada dos proxenitores do alumnado dende o momento en que se levanten as restricións de movemento, coincidentes coa fase II, coa finalidade de recoller o material dos seus fillos/as. Para estes efectos a dirección de cada centro poderá establecer un modelo organizativo de presenza por quendas ou horarios por cursos co fin de evitar agrupacións de persoas no centro educativo. A presenza das nais e pais cumprirá a medidas que se establecen no anexo as presentes instrucións.

4.2. A devolución e recollida dos libros de texto do curso 2019-2020 poderá realizarse ata o 7 de xullo, agás para o alumnado de ESO que teña algunha materia pendente, que poderá quedarse co libro correspondente ata que se examine e, como máximo, ata o 7 de setembro.





4.3. Correspóndelle a cada centro establecer o sistema e a fórmula máis axeitada para que alumnado ou familias acudan ao centro para facer a devolución.

4.4. A entrega dos libros do fondo solidario do curso 2020-2021 que lle corresponden a cada alumno/a realizárase preferentemente, tanto para Educación Primaria como para ESO, en setembro, debido a que son libros que estiveron manipulados por diferente alumnado e hai que deixar un prazo prudencial antes da súa nova entrega.

4.5. En calquera caso os libros devoltos deberán permanecer separados en caixas identificativas e illadas, como mínimo 14 días antes de volver a repartirse entre o alumnado.

QUINTA: Provisión de material de protección para os centros educativos.

5.1. A consellería realizará un aprovisionamento axeitado de elementos de sinalización e máscaras de protección. Corresponde á secretaría do centro o inventario das mesmas e arbitrar un mecanismo de distribución que acredite a súa entrega e o seu consumo para a actividade educativa.

5.2. Corresponde ao centro educativo suplir o aprovisionamento de equipos de protección que non sexan centralizados pola consellería, en especial xel hidro alcohólico e os seus dispensadores, panos desbotables, materiais de limpeza e desinfección, luvas, papeleiras de pedal, impresión de cartelería, e ,cando resulten insuficientes, máscaras de protección.





5.3 O centro educativo arbitrará as medidas oportunas para que o inventario e contabilización dos custos deste material sexan individualizable respecto das restantes subministracións do centro, co obxecto de coñecer con detalle os sobrecostos derivados da actividade durante a pandemia e vixiar o consumo axeitado do mesmo.

Corresponde á secretaria do centro distribuír ou organizar a distribución do material, levar a súa contabilización e inventario separado e certificar os consumos e gastos producidos.

SEXTA: Aprobación das medidas preventivas e do protocolo de riscos

Apróbase como anexo a esta resolución o protocolo sobre medidas de prevención na reapertura lectiva dos centros.

O presente Protocolo foi obxecto de negociación coas organizacións sindicais presentes na mesa sectorial docente e co comité intercentros de seguridade e saúde laboral da Consellería.

As modificacións ou actualizacións do presente protocolo que derive do cumprimento de medidas sanitarias aprobadas con posterioridade non precisará de nova negociación.

A Conselleira de Educación, Universidades e Formación Profesional.

Carmen Pomar Tojo.



Anexo I Protocolo de medidas de prevención na reapertura dos centros educativos para a actividade lectiva e académica durante o curso 2019-2020

Antecedentes:

O presente protocolo ten en consideración as medidas coñecidas e publicadas polas autoridades sanitarias relativas á prevención frote ao COVID 19.

A análise de riscos realizase de xeito conxunto para todos os centros educativos de titularidade pública afectados polo protocolo ou polos centros concertados que imparten as ensinanzas de segundo de bacharelato e segundos cursos de FP de grao superior e medio. Non se realiza unha análise pormenorizada do riscos en cada un dos centros educativos xa que as medidas teñen carácter xeral e son de aplicación indistinta en cada un dos centros con independencia da súa ubicación e características físicas.

Debe terse en consideración que a avaliación de riscos en cada un dos centros de traballo suporía, por razón da finalización do curso escolar, a imposibilidade de dar prestar un servizo público que garante un dereito fundamental consagrado na Constitución.

Así mesmo no presente protocolo inclúense todas as normas de carácter sanitario ditadas especificamente pola autoridade sanitaria para a reapertura dos centros educativos que non son obxecto de individualización.





Para o establecemento das medidas e a análise de riscos tivéronse en conta os seguintes parámetros:

1. O número de IES que imparte Bacharelato ascende a 212.
2. O número de IES que imparte ciclos de FP ascende a 140
3. O número de centros privados que imparte Bach ascende a 66
4. O número de centros privados que imparte FP ascende a 64
5. O número de CIFP que imparten FP ascende a 20 centros
6. O alumnado máximo de BACH que podería acceder aos centros ascende a 14.731 alumnos/as distribuídos en 638 grupos inicialmente.
7. O alumnado máximo de FP que podería acceder aos centros ascende a 22.690 alumnos/as distribuídos en 1.720 grupos inicialmente.
8. O profesorado que como máximo pode impartir ensinanza presencial ascende a 7.484 docentes.
9. O persoal non docente que como máximo retornará aos centros ascenderá a 3.100 persoas.

De conformidade co Criterio Operativo nº 102 /2020 do Ministerio de Traballo e Economía Social, o escenario de risco cualificase como de baixa probabilidade de exposición. No mesmo senso a actividade educativa non constitúe un risco de empresa con actividades, que pola súa natureza, constitúan un risco laboral de exposicións ao SARS-CoV-2, senón que a súa presenza nos centros educativos constitue unha situación excepcional, derivada da infección das persoas traballadoras por vías distintas da profesional.

1) Obxecto

O presente protocolo ten por obxecto establecer as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no retorno a actividade lectiva tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e a





súas familias co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

O documento recolle as medidas de prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2 que no momento da súa elaboración as autoridades sanitarias consideran necesarias para o control da COVID-19 na Fase 2.

O conxunto de medidas incluídas nas presentes instrucións poden ser obxecto de revisión en función da evolución do risco sanitario e das decisión que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais.

2) Persoas que poden acudir aos centros educativos.

2.1 De conformidade co establecido no na Orde SND/399/2020, do 9 de maio e co documento enviado polos Ministerios de Sanidade e Educación:

- No poderán reincorporarse ao seu posto de traballo as persoas que presenten síntomas compatibles con COVID-19 o estean en illamento domiciliario como consecuencia dun diagnóstico por COVID-19, ou que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter tido contacto estreito con algunha persoa con síntomas o diagnosticada de COVID-19.
- As persoas vulnerables para COVID-19 (por exemplo, persoas con hipertensión arterial, enfermidades cardiovasculares, diabetes, enfermidades pulmonares crónicas, cancro o inmunodepresión) poderán volver ao traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de xeito rigoroso. No caso de dúbida, o servizo de servizo de prevención de riscos laborais deberá avaliar a existencia de traballadores especialmente sensibles á infección polo coronavirus





e emitir un informe sobre as medidas de prevención, adaptación do posto e protección necesarias. Na concreción deste punto estarase ao disposto no 2.2

- Indicarase as familias que non poden acudir ao centro os nenos/as con síntomas compatibles co COVID-19 o diagnosticados de COVID-19, o que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter tido contacto con algunha persoa con síntomas o diagnosticado de COVID-19. Para isto, as familias vivirán o estado de saúde e realizarán toma de temperatura todos os días antes de saír da casa para ir ao centro educativo. Si o alumno/a tivera febre ou síntomas compatibles con COVID-19 non deberá asistir ao centro debendo chamar ao seu centro de saúde ou ao teléfono 900 400 116 e avisando simultaneamente ao centro educativo.
- Dado que a incorporación é voluntaria, o alumnado que presenta condicións de saúde que os fai máis vulnerables para COVID-19 (como, por exemplo, enfermidades cardiovasculares, diabetes, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodepresión o hipertensión arterial), poderá acudir ao centro, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo medidas de protección de xeito rigoroso.
- Recomendase evitar as aglomeracións. As familias solo poderán entrar ao edificio escolar no caso de necesidade ou indicación do profesorado ou do equipo directivo, cumprindo sempre las medidas de prevención e hixiene.
- Descártanse as actividades grupais ou eventos no interior dos centros educativos





2.2. De conformidade co Acordo do Consello da Xunta do 8 de maio de 2020 que aprobou o protocolo de reincorporación ao traballo presencial, no que se refire ao persoal que presente algún tipo de enfermidade ou afección que implique a súa consideración como grupo vulnerable, estarase ao disposto na Guía de actuación preventiva ante o coronavirus no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG número 74, de 17 de abril) aprobada polo CECOP na súa reunión do 14 de abril de 2020 e modificada polo acordo do CECOP 16 de maio de 2020, mentres duren as medidas de contención do COVID-19, coas modificacións que se insiren a continuación

2.2.1 O servizo sanitario da Consellería debe avaliar a presenza de persoal traballador especialmente sensible en relación coa infección de coronavirus SARS-CoV-2, establecer a natureza de especial sensibilidade da persoa traballadora e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección. Para iso, terá en conta a existencia ou inexistencia dunhas condicións que permitan realizar o traballo sen elevar o risco propio da condición de saúde da persoa traballadora.

Coa evidencia científica dispoñible en data 8 de abril de 2020, o Ministerio de Sanidade definiu como grupos vulnerables para COVID-19 as persoas con diabetes, enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, inmunodeficiencia, cancro en fase de tratamento activo, embarazo e maiores de 60 anos.

Para cualificar unha persoa como especialmente sensible para COVID-19, debe aplicarse o indicado no primeiro parágrafo. Esa avaliación é a única actividade técnica que poderá servir de base para tomar as decisións preventivas adaptadas a cada caso».

Nos anexos I e II a esta guía recóllense os distintos escenarios que se poden dar co persoal incluído como grupo vulnerable e indícanse, de ser o





caso, as adaptacións de tarefas que a Consellería deberá realizar para que poida seguir desempeñando o seu posto de traballo.

Tal e como se recolle nos anexos I e II, o simple feito de que o/a traballador/a presente algunha das patoloxías indicadas ou teña máis de 60 anos non determina a súa consideración de traballador como especialmente sensible, Polo tanto, para determinar a especial sensibilidade deberán concorrer as circunstancias indicadas nos anexos I e II e proceder segundo o disposto na presente guía.

2.2.2. De acordo co que antecede, cando un/ha traballador/a se atope dentro dun grupo vulnerable dos sinalados anteriormente, deberanse seguir os seguintes pasos:

1.- A persoa interesada na declaración de persoal sensible por causas de saúde, embarazo o por ser maior de 60 anos, deberá dirixir a súa solicitude á dirección do centro educativo onde presta os seus servizos, na que exprese que concorren as causas para considerar o/a traballador/a como grupo vulnerable e susceptible de considerar persoal sensible (anexo II deste protocolo).

2.- A dirección do centro educativo emitirá, por cada solicitante, un informe no que se indiquen as tarefas e condicionantes específicos do posto de traballo, e determinación das medidas de protección existentes. Porase a disposición das direccións un modelo de informe simplificado no Portal da dirección.

3.- A dirección do centro educativo remitirá cada día en que existan solicitudes unha relación das peticións de valoración da sensibilidade do traballador e do posto, xunto cos informe emitidos, á Inspección Médica Educativa da Xefatura Territorial da Consellería de Educación do ámbito provincial onde radique o dito centro de traballo.

4.- A Inspección Médica Educativa analizará a petición achegada, e solicitará mediante correo electrónico ao/á traballador/a a





documentación acreditativa da súa situación que resulte procedente para resolver a adaptación do posto de traballo ou a declaración de persoal como sensible.

Coa análise da devandita documentación e da relativa aos posibles riscos existentes no centro de traballo da persoa solicitante, o facultativo emitirá informe.

5.- A Inspección Médica Educativa poderá solicitar, se fose preciso, un informe preventivo adicional de carácter complementario ao Servizo de Prevención de Riscos laborais da Consellería de Educación, quen, a súa vez, o recadará do servizo sanitario preventivo contratado.

A actuación do servizo sanitario non suporá a necesidade de desprazamento nin do/da traballador/a nin do facultativo e realizarase a través da análise da documentación que aquel lle achegue.

Resulta obrigatorio para o/a traballador/a achegar toda a documentación requirida polo servizo sanitario nun prazo máximo de 3 días hábiles ; no caso contrario, entenderase que desiste da súa petición.

O acceso á información médica de carácter persoal limitarase ao persoal médico e ás autoridades sanitarias que leven a cabo a vixilancia da saúde dos traballadores.

Mentres se tramita o informe do especialista, o/a traballador/a non terá a obriga de acudir presencialmente ao centro pero si continuar a docencia telemática do alumnado que non acode presencialmente ao centro, coas adaptacións de horarios que estableza a dirección, no caso de ter a condición de docente, ou a de realizar tarefas telemáticas ou a distancia, no caso de ser persoal administrativo.





No que se refire ao informe que emitirá o servizo sanitario, deberá establecer algunha das seguintes medidas:

a) Establecer que non concorre especial sensibilidade no/na traballador/a e que haberá que seguir mantendo as medidas de prevención establecidas nas avaliacións adaptativas específicas do posto que, de ser o caso, xa se tiveran realizado con anterioridade, e que polo tanto pode realizar a súa actividade presencialmente de conformidade co previsto no ANEXO I.

b) Se hai novas circunstancias no posto de traballo que poden elevar o risco na saúde da persoa traballadora, realizará un informe de adaptación de posto en que se lle indiquen ao responsable da dirección do centro as medidas de prevención, adaptación e protección que se deban adoptar. Estas medidas poderán consistir na adaptación do posto de traballo, dotación dunha protección adecuada que evite o contacto ou de recolocación a outras funcións exentas de risco, tendo en conta as pautas incluídas no anexo I.

c) Como última medida e, unha vez acreditada a imposibilidade de realizar as medidas do punto anterior, o facultativo emitirá informe en que indique a imposibilidade de adaptación do posto de traballo e a imposibilidade de aplicar unha protección adecuada que evite o contaxio ou recolocación a outras funcións exentas de risco e, polo tanto, considerarase ao/a traballador/a como especialmente sensible para os efectos da tramitación, de se-lo caso, da incapacidade laboral.

Para efectos do estudo das circunstancias concorrentes para a declaración dun/ha traballador/a como especialmente sensible, realizarase o estudo das patoloxías do traballador en relación co seu posto de traballo, avaliando especificamente o risco que supoñen as súas funcións en relación coas súas doenzas.





Cómpre destacar que se as circunstancias do posto de traballo non variaron respecto á situación previa da pandemia do coronavirus, non existe no/a traballador/a maior sensibilidade que a que existía con anterioridade.

Recibido o dito informe do servizo sanitario alleo no Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Consellería, nos supostos nos que fose solicitado, darase traslado do mesmo á Inspección Médica Educativa de que se trate, para os efectos da emisión por esta do informe definitivo de adaptación ou especial sensibilidade.

2.3 Persoal con dispensa de asistencia ao centro educativo para a actividade lectiva presencial: seguirá prestando o seu traballo en réxime de teletraballo ou traballo a distancia o persoal que teña ao seu cargo menores de 13 anos ou maiores dependentes e se vexa afectado, de ser o caso, polo peche de centros educativo ou de maiores, e non sexa compatible a súa situación persoal. Este réxime especial de teletraballo só se poderá conceder a un traballador para o caso en que houberse dous ou máis empregados públicos conviventes en que se dea a mesma circunstancia.

Para estes efectos considerarse que teñen ao seu cargo maiores dependentes aquelas persoas que teñan concedida por este motivo unha comisión de servizos, para este curso académico 2019-2020, en atencións a situacións persoais especiais por motivos de saúde e aquelas que teñan o cónxuxe, parella de feito ou dunha persoa familiar de primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, cun grao de discapacidade recoñecido de, polo menos, o 65 por 100.

Para facer efectivo o dereito solicitarse da dirección do centro educativo (anexo II I) a dispensa de actividade lectiva presencial mediante solicitude





que figura como anexo a este protocolo, acompañada de documentación que se estime pertinente para acreditar o suposto (libro de familia, copia da comisión de servizo por motivos de saúde, certificado de dependencia ou certificado de dsicapacidade). A documentación conservarase no centro educativo e comunicarase a circunstancia ao servizo de persoal da xefatura territorial.

3.Actuacións diante da aparición de síntomas nunha persoa presente nun centro educativo

3.1. Os síntomas máis comúns compatibles co COVID-19 inclúen febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode existir diminución do olfacto e do gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

3.2. Cando un estudante inicie síntomas ou estes sexan detectados polo persoal do centro durante a súa xornada escolar, levarase a un espazo separado. Facilitaráselle unha máscara preferentemente cirúrxica ou hixiénica para o alumno/a e outra para a persoa adulta que coide de el/ela ata que cheguen os seus proxenitores ou titores. Levaráselle a unha sala para uso individual, elixida previamente, que conte con ventilación axeitada e con unha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos desbotables. Avisarase á familia de que ten a obriga de contactar co seu centro de saúde ou co teléfono 900 400 116, para que se avalíe o seu caso.

3.3. As persoas traballadoras que inicien síntomas, retiraranse a un espazo separado y porán unha máscara preferentemente cirúrxica ou





hixiénica. Contactarán co seu centro de saúde, co Servizo de Prevención de Riscos Laborais ou co teléfono 900 400 116 e seguirán as súas instrucións.

3.4. No caso de percibir que a persoa que inicia síntomas está nunha situación de gravidade o ten dificultade para respirar avisarase ao 061 ou 112.

3.5 A canle de comunicación ordinaria entre o centro educativo e os servizos sanitarios será o teléfono 900 400 116. Sen prexuízo do anterior o centro educativo poderá solicitar do centro de saúde correspondente á súa localización a resolución de dúbidas ou a colaboración que o centro de saúde poida prestar de conformidade cos protocolos establecidos polo SERGAS.

4. Medidas xerais de hixiene e limpeza do centro educativo

4.1. Colocarase un dispensador de xel desinfectante en todas as aulas. Debe terse en conta que cando as mans teñen sucidade visible o xel hidroalcohólico non é abondo, e é preciso usar auga e xabón.

4.2. Nos centros realizarase unha limpeza e desinfección das instalacións polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso. Prestarase especial atención as zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes como pomos de portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, colgadores, e outros elementos de similares características.

4.3. Uso e limpeza dos baños e aseos. Limparanse adecuadamente os aseos en función da intensidade de uso e, polo menos, tres veces ao día.





En todos os baños do centro haberá dispensadores de xabón e papel desbotable para o secado de mans, no seu defecto xel hidro alcohólico, debendo o alumnado lavarse coidadosamente as mans cada vez que faga uso do aseo.

4.4. Na limpeza e hixiene seguiranse as seguintes pautas:

- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recién preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e que teñan sido autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiqueta.
- Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.
- Realizará polos usuarios una limpeza e desinfección dos postos de traballo en cada cambio de clase con especial atención ao mobiliario outros elementos susceptibles de manipulación, sobre todo naqueles utilizados por máis dun usuario.
- As medidas de limpeza estenderanse tamén, no seu caso, ás zonas privadas dos traballadores e usuarios, tales como vestiarios, taquilleiros, aseos, cocinas e áreas de descanso.
- Débense realizar tarefas de ventilación periódica nas instalacións e, como mínimo, de forma diaria e por espazo de cinco minutos.
- Debe vixiarse a limpeza de papeleiras e a dispoñibilidade de xabón, papel de secado de mans e xel hidro alcohólico.

4.5 As direccións dos centros educativos arbitrarán as quendas posibles do persoal de limpeza propio do centro que permitan dar cobertura as necesidades de limpeza establecidas no presente protocolo, sen que iso implique a petición de novos efectivos.





4.6. Non se permite a apertura de comedores escolares nin de cafetarías no que resta do curso escolar 2019-2020.

4.7. Limitarase ao máximo posible o emprego de documentos en papel e a súa circulación.

4.8. Os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue o secado de mans o para o cumprimento da "etiqueta respiratoria" serán desbotados en papeleiras con bolsa ou contedores protexidos con tapa e, de ser posible, accionados por pedal. Ditas papeleiras deberán ser limpadas de xeito frecuente.

4.9. Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) deben depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén una vez efectuadas as recollidas separadas).

5. Medidas xerais sobre distancias de seguridade

5.1. Na Ocupación das aulas e outros espazos; a distancia interpersonal mínima será de 2 metros. O centro poderá optimizar as aulas e outros espazos para acoller alumnos pero en todo caso sempre aplicando a distancia interpersonal de 2 metros. Priorizaranse os espazos exteriores na medida do posible.

5.2. En todos os niveis educativos organizaranse os espazos e distribución de persoas para acadar unha distancia de seguridade interpersonal de 2 metros. A organización do movemento de persoas, distribución de espazos e disposición dos estudantes organizarase para manter distancias seguras interpersonal requirida en todo momento polo Ministerio de Sanidade.





5.3. Utilizaranse preferentemente escaleiras. Cando exista un elevador, o seu uso será limitado ao mínimo e mantendo a distancia de seguridade interpersonal, excepto naqueles casos de persoas que poidan requirir asistencia, nese caso tamén se permitirá o uso do seu acompañante.

5.4. O desprazamento de grupos de estudantes polo centro reducirase ao mínimo, facilitando, na medida do posible, que os profesores acudan á aula de referencia.

5.5. Organizaranse as saídas e entradas das aulas e outros espazos con distancia interpersoais de 2 metros e escalonada.

6. Medidas xerais de prevención persoal

6.1. Debe realizarse unha hixiene cotiá e minuciosa de mans, durante polo menos 40 segundos con xabón e auga ou, no seu defecto, con xel hidroalcohólico. Debe considerarse que cando as mans teñen sucidade visible o xel hidroalcohólico non é suficiente, e é necesario empregar auga e xabón.

6.2. Debe evitarse tocar o nariz, os ollos e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.

6.3. Cando tose ou espirre, debe cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado.

6.4. Debe manterse unha distancia interpersonal de 2 metros.





6.5. Deben usarse tecidos desbotables para eliminar secrecións respiratorias e arroxalas despois de usar.

6.6. Debe evitarse estreitar as mans.

6.7. O uso de luvas non é recomendable con carácter xeral, pero si nos casos de tarefas de manipulación de alimentos, cambio de cueiros e limpeza.

6.8. O uso dunha máscara será obrigatorio para todas as persoas en transporte escolar colectivo.

6.9. No caso de que non se poida asegurar unha distancia interpersonal de 2 metros, debe utilizarse máscara preferentemente cirúrxica ou hixiénica, a poder ser reutilizable, por parte do persoal dos centros educativos, así como polos estudantes a partires da etapa de educación primaria, na medida do posible, en todos os espazos do colexio sempre que se use correctamente.

6.10. Debe explicarse o correcto uso da máscara xa que o mal uso pode implicar máis risco de transmisión.

6.11. O alumnado ou persoal dos centros educativos que inicien síntomas no centro debería ser retirado o máis axiña posible a un lugar separado e colocarse unha máscara cirúrxica.

7) Medidas específicas de protección individual

7.1. Tendo en conta a imposibilidade de manter a distancia nos movementos de entrada e saída e nos de circulación polo centro, o





alumnado e profesorado ten a obriga de usar máscaras nos movementos que discorran polo centro..

Nas aulas poderase prescindir do uso obrigatorio de máscara atendendo a que existen distancias de seguridade que resultan inalterables.

7.2. A hixiene de mans é obrigatoria en cada cambio de aula, a estes efectos na porta de entrada de cada unha das aulas existira un dispensador de solución hidro alcohólica.

O profesorado lembrará ao alumnado coa frecuencia que determine cada centro, e en todo caso antes e despois das saídas e retornos do recreo, a necesidade de hixiene de mans e de evitar tocar a faciana e os ollos.

7.3. Farase un especial esforzo en gardar en todo momento a distancia de seguridade co demais persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída ao posto, así como nos tempos de descanso.

7.4. Nas aulas os pupitres ou mesas estarán na disposición mais separada que permita o tamaño da aula. Tendo en conta que o alumnado estará sentado colocarase na disposición máis óptima gardando unha distancia mínima de 2 metros entre cada posto escolar ocupado do xeito semellante ao que figura no gráfico do anexo V.

Con carácter xeral o tamaño estándar das aulas educativas (entre 48 e 51 metros cadrados) permite a ubicación de ata 15 alumnos, porén en cada centro o equipo directivo poderá adaptarse o número de alumnos as circunstancias peculiares da aula admitíndose excepción dun número superior ou inferior de alumnos ao indicado con carácter xeral sempre que se garden as distancias referidas.





7.5. Extremárase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección individual do posto, se fose necesario. En cada aulas existirá unha dotación de panos desbotables e de solución desinfectante para proceder polo alumnado a desinfección do seu pupitre e cadeira , e resto de material empregado (ordenador, rato, teclado, monitor, etc.) con independencia dos traballos efectuados con carácter previo polo persoal de limpeza.

7.6. O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus compañeiros. Nas aulas deberá existir un espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros.

7.7. Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa profesor titular do posto e, de non ser posible, desinfectaranse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

7.8. Os usuarios dos espazos de atención ao público non poderán empregar os equipos informáticos, material de oficina ou outros materiais dos empregados públicos.

7.9 Aínda que se considera pouco recomendable pola falsa seguridade que pode transmitir, no caso de uso de luvas débense lavarse con frecuencia cunha solución hidroalcolica ou auga e xabón.





8) Medidas específicas de protección colectiva

8.1. Nas entradas dos centros disporase de produtos de hixiene que permitan, tanto ao persoal coma ao alumnado e usuarios dos espazos de atención ao público, realizar unha adecuada hixiene das mans.

8.2. Deben establecerse distancias mínimas de seguridade de polo menos dous metros, tanto nos accesos como nos espazos de atención ao público, para evitar a acumulación de persoas nas zonas de acceso, espera e atención ao público.

8.3. Nas mesas, mostradores e despachos de atención ao público, establecérase unha distancia mínima de 2 metros entre o usuario e o persoal, agás que se habiliten elementos de protección colectiva no posto no que se realiza a atención ao público (mamparas, mobiliario con altura suficiente para que sirva de barreira física, etc.).

8.4, Intensificáranse as actuacións de limpeza e desinfección das zonas comúns e, especialmente, das zonas ou superficies que se tocan con máis frecuencia (pasamáns, ascensores, aseos, pomos das portas,...).

Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente tres veces ao día. En todo caso nos aseos existirá material de desinfección para ser utilizado polos usuarios voluntariamente.

8.5. Ventiláranse de xeito frecuente as estancias coa apertura de ventás ou portas, evitando as correntes de aire. Antes e despois de cada cambio de aula abranse as ventás durante a lo menos 5 minutos.





9) Regulación de entradas e saídas

9.1. Nos centros educativos onde sexa posible habilitaranse diferentes entradas para o alumnado dos diferentes niveis educativos (infantil, primaria, secundaria, bacharelato ou FP). No caso de que polas peculiaridades do centro non fose posible establecéranse quendas de entrada distanciadas no tempo. A dirección do centro ten a posibilidade de establecer o número de profesores de garda precisos para facer efectiva a entrada ao recinto en condicións de seguridade.

9.2. Nos accesos ao centro, sempre que sexa posible, habilitárase unha porta para entrada e outra para saída. Nos corredores establecéranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes de forma que indiquen a circulación pola dereita de forma individual respectando a distancia de seguridade. Estas circunstancias serán debidamente sinalizadas mediante carteleria ou dispositivos visuais tanto no chan como nos paramentos.

9.3. Na entrada e saída da aula e nos momentos de retorno do recreo o profesorado velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado

9.4. Para a saída do centro poderase flexibilizar o horario dentro da última hora lectiva. O equipo directivo determinará a saída por colectivos con distancias horarias, sempre que sexa posible, de polo menos 10 minutos. Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións nos patios ou que xogue nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do recinto.

9.5. O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva previa á saída velará porque o material está recollido e desinfectado polo alumnado; e o alumnado preparado para saír ordenadamente e





respectando a distancia de seguridade no horario establecido pola dirección de xeito que se eviten demoras.

9.6. A dirección do centro determinará o número de profesores suficientes para ordenar as saídas e evitar a formación de agrupacións de alumnado no recinto e/ou na vía pública fora do recinto escolar.

9.7. A saída do alumnado transportado organizarase de xeito similar ao de entrada.

9.8. Durante o período de duración da pandemia non se permite a realización de actividades extraescolares fora da xornada lectiva dentro do recinto do centro educativo.

10. Consideracións xerais na aula ordinaria.

10.1. Na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, como casilleiros ou mobles, o alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co do resto dos compañeiros.

Non se poderá usar material compartido sen a previa desinfección do mesmo. Recoméndase que no caso de ter que achegarse ao encerado cada alumno teña entre o seu material xiz ou rotulador de encerado branco.

10.2. Nas primeiras horas da xornada ou no caso de cambio de aula dedicáranse uns minutos á desinfección da mesa e da cadeira coa dotación de desinfección existente na aula (panos desbotables e solución desinfectante).





Aproveitáranse os primeiros minutos para lembrar os protocolos de hixiene e contacto social e permitir que lave as mans si non o fixo previamente.

10.3. Evitárase o desprazamento do alumnado da aula aínda que si se permitirá levantarse para realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais que non implique moverse do posto de traballo nos casos nos que a sesión lectiva supere unha hora.

11. Consideracións especiais doutro tipo de aulas

11.1. Sen prexuízo da aplicación das normas do punto anterior no caso de aulas de desdobre, talleres, laboratorios, aulas de musica, debuxo ou informática extremáranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso mais compartido.

11.2. O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo.

11.3. Onde a materia o permita substituirase o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material.

11.4. En cada unha das materias adaptárase a metodoloxía da aula evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais.





12. Cambios de clase

12.1 Na medida do posible, mediante a asignación de grupos ou de horarios, a norma xeral é que o alumnado non cambiará de clase agás nos supostos excepcionais.

Con carácter xeral, o alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase. No caso de ter que trasladarse a outra aula, o profesor afectado comunicarao ao profesor anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado.

A saída será ordenada e continua, dun en un, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo profesor á entrada da nova aula en ringleira de un gardando a distancia de seguridade.

12.2. Si houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrárase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilárase a aula e o grupo entrante desinfectará pupitres ou mesas e cadeiras.

13. Uso da biblioteca

13.1 A biblioteca terá un aforo máximo de 15 alumnos. Excepcionalmente, si é posible polo tamaño da mesma, o equipo directivo pode ampliar ou





reducir o aforo sempre que se cumpran as condicións de seguridade axeitadas e a distancia do alumnado.

O responsable de biblioteca, xunto coa dirección, establecerá un protocolo de acceso á biblioteca, se fose posible mediante petición previa. O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala.

13.2 O equipo de biblioteca sinalizará nas mesas e outros postos de traballo aqueles que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles.

Ao rematar, os usuarios da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado.

13.3 O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual aínda que o devolto deberá permanecer en caixas identificativas e illadas como mínimo 14 días antes de volver aos andeis. Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando implique un uso compartido mentres dure a situación excepcional.

13.4. Aplícanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.





14. Medidas específicas no uso dos aseos

14.1. O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior a un terzo do seu aforo. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.

14.2. Durante os recreos e nas entradas e saídas do centro haberá profesorado de garda vixiando o aforo dos aseos e garantindo que se cumpre a distancia nas ringleiras de entrada.

14.3. O público en xeral que non teña a condición de persoal do centro ou de alumnado unicamente poderá usar un dos aseos mais próximos á entrada do centro.

14.4. No caso de alumnado con NEE o persoal cuidador que acompañe ao alumnado ao aseo deberá portar as proteccións individuais axeitadas

15. Medidas específicas para os recreos ou períodos non lectivos

15.1. Os equipos directivos establecerán o aforo posible de cada un dos posibles espazos que sexan susceptibles de utilizar como espazos de recreo, podendo incluír, de ser o caso ximnacios, pistas cubertas ou polideportivos. Na medida do posible limitaranse espazos para que un grupo de 50 alumnos poida estar distanciados de dous en dous metros, independizando espazos do mesmo aforo.





Dentro das medidas posibles a adoptar pola dirección do centro atendendo a idades e peculiaridades do alumnado incluírase de ser o caso a redución da duración dos recreos ou a realización de recreos en aula

Na medida do posible nos espazos dedicados a recreos marcáranse no chan sinalización que lembre as distancias de seguridade.

15.2. Unha vez calculado o aforo e as disponibilidades de espazos así como as necesidades dos grupos do centro realizárase unha proposta de "horas de recreo" e "grupos en recreo" que permita organizar non so a distribución do alumnado senón tamén as entradas e saídas nas aulas para minimizar concentracións elevadas de alumnados en corredores e escaleiras

15.3. Durante o período de aplicación destas instrucións e con carácter excepcional poderán establecerse agrupacións ou desagrupacións de cursos e modificacións de horarios que permitan incrementar a seguridade nas relacións sociais.

A nova organización da distribucións de recreos, horarios e do profesorado asignado ao mesmo documentárase para poñela a disposición, de se-lo caso, da inspección educativa.

15.4. No período de recreo extremárase a vixilancia do alumnado reforzando, si fose preciso, a presenza de profesorado. Do mesmo xeito o equipo directivo poderá prohibir o uso de elementos comúns de xogo ou a utilización de obxectos e materiais que poidan ser compartidos.





16. Utilización de cartelería no centro

16.1 O centro disporá de cartelería informativa nas entradas corredores escaleiras e zonas de recreo que advirta sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do COVID 19 e medidas de hixiene social e individual.

Nas aulas e aseos reforzárase a información sobre hixiene individual.

16.2 A cartelería de uso preferente será a subministrada pola administración autonómica ou a impresa polo propios centros en tamaño A3 ou superior.

17. Normas específicas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

17.1. O Departamento de Orientación, de se-lo caso, á vista do informe médico, será quen determine as condicións do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, e a procedencia da aplicación das medidas e protocolos de atención, establecidos pola Consellería de Sanidade. Con esta información a persoa orientadora, e a vista, de se-lo caso, do informe médico, informará por escrito sobre pertinencia ou non da incorporación voluntaria ao centro deste alumnado no período regulado nestas instrucións.

18. Medidas específicas para o profesorado

18.1 Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección, ademais, de acordo coas





capacidades do grupo, aproveitárase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.

18.2. Todas as reunións do profesorado realizáranse cumprindo as normas de protección e o aforo dos locais, cando non sexa posible deste xeito usáranse medios telemáticos.

18.3. O equipo directivo determinará o aforo máximo de salas de profesores e departamentos que permita cumprir a distancia de seguridade, marcando os espazos susceptibles de utilización e lembrando a necesidade de hixienizar o lugar que se ocupe en cada cambio de profesor e dos elementos de uso común como teclados, pantallas ou máquinas expendedoras .

18.4. Na realización de reunións de titorías utilizárase, sempre que sexa posible, o recurso á reunión non presencial mediante vídeo chamada ou teléfono. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión teña que ser presencial adaptáranse espazos exclusivos para este tipo de reunións onde se garantirá mediante obstáculos físicos a distancia de seguridade e a dispoñibilidade de produtos de limpeza de mans.

19. Normas en materia de reunións de órganos colexiados.

19.1. De conformidade co disposto no artigo 17 de la Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público os órganos colexiados poderanse constituír, convocar, celebrar a súas sesións, adoptar acordos e remitir actas a distancia, agás nos supostos nos que o seu regulamento





interno recolla expresa e excepcionalmente o contrario e que, de ser este o caso, poderá revisarse e realizar as modificacións e adaptacións oportunas.

19.2 Nas sesións que se celebren a distancia debe garantirse a identidade dos membros que participen, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto, a estes efectos considérase validamente emitido o voto formalizado na propia sesión da videoconferencia ou o emitido por correo electrónico.

19.3 Agás nos casos nos que resulte imposible pola necesidade de cumprir prazos perentorios, as convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día, a documentación da mesma e un documento no que se poida formalizar para cada un dos puntos por separado o senso das votacións.

20. Medidas específicas para os talleres onde se impartan módulos de Formación Profesional

20.1 Con carácter xeral o uso dos talleres reducirase ao estritamente necesario para realizar recuperacións ou avaliacións

20.2 Ao inicio da actividade o alumnado deberá ser informado sobre as medidas e recomendacións a seguir e, no seu caso, dotarase a estes espazos de carteis informativos. Estableceranse as medidas axeitadas para que o alumnado especialmente sensible poida desenvolver as actividades.





20.3. Organizarase ao alumnado en grupos pequenos que permitan manter as distancias de seguridade e eviten a concorrencia en espazos reducidos, como no caso dos vestiarios.

20.4. Os equipos de protección individual que non formen parte do equipamento propio do alumnado deberán estar perfectamente hixienizados para o seu uso. Así mesmo, engadiranse outros equipos de protección axeitados en cada caso, favorecendo cando sexa posible a utilización de materiais desbotables.

20.5. O uso das ferramentas e dos equipos de traballo planificarase de xeito que a realización da práctica supoña a mínima manipulación posible. Deberán ser hixienizados despois de cada actividade para o seu uso polo seguinte grupo.





ANEXOS:

ANEXO I: PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN PARA A XESTIÓN DA VULNERABILIDADE EN ÁMBITOS NON SANITARIOS NIN SOCIO SANITARIOS

ANEXO II: MODELO DE SOLICITUDE PARA A DETERMINACIÓN DE PERSOAL ESPECIALMENTE SENSIBLE

ANEXO III: MODELO DE SOLICITUDE PARA A DISPENSA NO CASO DE CONCILIACIÓN

ANEXO IV: CERTIFICACIÓN DE NECESIDADE DE TRASLADO INTERPROVINCIAIS POR INCORPORACIÓN AO TRABALLO PRESENCIAL

ANEXO IV: PLANOS TIPO DE COLOCACIÓN NAS AULAS





ANEXO I

PROCEDIMIENTO DE ACTUACIÓN PARA LA GESTIÓN DE LA VULNERABILIDAD EN ÁMBITOS NO SANITARIOS NI SOCIOSANITARIOS

Grupos vulnerables	Patología controlada				Patología descompensada				Comorbilidad ≥ 2 aspectos			
	NR1	NR2	NR3	NR4	NR1	NR2	NR3	NR4	NR1	NR2	NR3	NR4
Exposición laboral												
Enfermedad cardiovascular/HTA	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Diabetes	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Enfermedad pulmonar crónica	1	1	2	2	1	3	3	3	1	3	3	3
Inmunodeficiencia	1	3	3	3	1	4	4	4	1	4	4	4
Cáncer en tratamiento activo	1	4	4	4	1	4	4	4	1	4	4	4
Mayores de 60 años	Sin patología de los grupos vulnerables				Patología controlada				Patología descompensada			
	1	1	2	2	1	3	3	3	1	4	4	4
Embarazo	Sin complicaciones ni comorbilidades				Con complicaciones o comorbilidades							
	1	3	3	3	1	4	4	4				

NR1: similar al riesgo comunitario, trabajo sin contacto con personas sintomáticas

NR2: trabajo en contacto con personas sintomáticas, manteniendo la distancia de seguridad y sin actuación directa sobre ellas

NR3: asistencia o intervención directa sobre personas sintomáticas, con EPI adecuado y sin mantener la distancia de seguridad

NR4: profesionales no sanitarios que deben realizar maniobras generadoras de aerosoles, como por ejemplo RCP

1	No precisa ni adaptación ni cambio de puesto, permaneciendo en su actividad profesional
2	Continúa la actividad laboral. Puede realizar tareas con exposición a personas sintomáticas con EPI adecuados
3	Puede continuar actividad laboral sin contacto con personas sintomáticas. Si existe imposibilidad, se iniciará la tramitación para declarar al/a la trabajador/a como especialmente sensible o prestación por riesgo durante el embarazo - lactancia (PREL)
4	Precisa cambio de puesto de trabajo y, de no ser posible, se iniciará la tramitación para declarar al/a la trabajador/a como especialmente sensible o prestación por riesgo durante el embarazo-lactancia (PREL)





ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE PARA A DETERMINACIÓN DE PERSOAL
 ESPECIALMENTE SENSIBLE

SOLICITANTE	
DNI: Teléfono:	
Correo electrónico (obligatorio)	
Enderezo a efectos de notificacións :	
Código Postal:	Localidade:

DATOS DO CENTRO DE TRABALLO	
Nome do Centro:	
Enderezo:	
Código Postal:	Localidade
Posto de traballo:	

SOLICITA a valoración da inspección médica da xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, ou no seu caso o servizo de prevención alleo a efectos da determinación do condición de persoal sensible de conformidade co previsto na Resolución de 22 de maio de 2020

Para estes efectos comprométese a achegar os informes médicos que obran no seu poder, así como aqueles que lle sexan requiridos.

_____ ,_de _____ de 2020

Sinatura:

DIRECTOR DO CENTRO





ANEXO III

MODELO DE SOLICITUDE PARA A DISPENSA NO CASO DE CONCILIACIÓN

SOLICITANTE	
DNI: Teléfono:	
Correo electrónico:	
Enderezo a efectos de notificacións :	
Código Postal:	Localidade:

DATOS DO CENTRO DE TRABALLO	
Nome do Centro:	
Enderezo:	
Código Postal:	Localidade
Posto de traballo:	

EXPÓN que de conformidade Resolución de 22 de maio de 2020 Atopase na seguinte situación:

- Ten menores de 13 anos a cargo
- Ten maiores dependentes ou con discapacidade superior ao 65 %
- Ten concedida unha comisión de servizo por motivos de saúde

Polo que ,

SOLICITA á dispensa da docencia presencial en base á anterior circunstancia e manifesta o compromiso de continuar coa actividade lectiva a distancia no grupo que teña asignado ou que se asigne de acordo coas instrucións da dirección.

_____ ,_de _____ de 2020

Sinatura:

DIRECTOR DO CENTRO





ANEXO IV

CERTIFICACIÓN DE NECESIDADE DE TRASLADO INTERPROVINCIAIS POR INCORPORACIÓN AO TRABALLO PRESENCIAL

Mediante Resolución do 5 de maio de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dáse publicidade no DOG do 6 de maio de 2020 ao acordo sobre o restablecemento do procedemento de admisión do alumnado para o curso académico 2020-2021. Así mesmo, esta Resolución recolle o acordo de modificación das instrucións de presenza dos equipos directivos e outro persoal nos centros educativos.

Ante a inminente apertura dos centros educativos e a asistencia presencial parcial determinada no CECOP para algúns empregados públicos destinados en centros de ensinanza, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional publica o 7 de maio no Portal Educativo institucional e no Portal da Dirección as Recomendacións sanitarias a establecer nos centros educativos durante as xornadas presenciais e nos procedementos de atención ao público.

Por último, o 22 de maio do 2020 dítase a Resolución da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, pola que se reinicia a actividade lectiva presencial no curso 2019-2020, se determinan as instrucións para o que resta do presente curso e se adoptan medidas de prevención e hixiene para a reapertura parcial nos centros de ensino non universitario dependentes da consellería.

Polo exposto, con data -----, D/na-----, na súa calidade de Director/a do centro de ensino público-----, CERTIFICA:

que D/na.-----, a partir do 25 de maio de 2020 e ata o remate do actual curso escolar 2019-2020, ten que incorporarse de xeito presencial ao seu posto de traballo, no centro educativo-----, sito en-----, para o cal ten que sobrepasar os límites provinciais existentes entre o seu domicilio persoal e o do citado centro de traballo.





ANEXO V

